

## ANUNCIO

O tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo de 4 prazas de auxiliar administrativo/a incluída na OEP do 2021 do Concello de Fene, prazas incluídas no proceso extraordinario de estabilización previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público, nomeado por Resolución da alcaldía 689/2024 do 27 de maio de 2024, detectou un erro no último anuncio publicado o 08.10.2024 polo que procede á súa corrección de tal forma que:

Tendo en conta que o Pleno do Concello na súa sesión extraordinaria urxente do 15.11.2022 acordou aprobar inicialmente a cuarta modificación parcial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Fene no que se indicaba no seu punto 1.3:

*"1.3.- Incorporación do posto de "Auxiliar Administrativo/a" adscrito á Unidade Administrativa do Departamento de Benestar Social e Igualdade (código 05.04.00.01) ao Departamento de Seguridade, que se identificará co código 04.00.00.15. Estas adecuacións serán reflectidas no organigrama administrativo, na correspondente ficha descritiva do posto, así como no cadro RPT, segundo se indica no anexo I"*

Corríxese o anuncio deste tribunal de selección do 08.10.2024 de tal xeito que:

Onde di:

"Os postos ofertados segundo a RPT publicada no BOP da Coruña o 22.12.2022 son: 01.01.00.02; 01.03.00.04; 05.04.00.01 e 07.01.00.01."

Debe dicir:

"Os postos ofertados segundo a RPT publicada no BOP da Coruña o 22.12.2022 son: 01.01.00.02; 01.03.00.04; 04.00.00.15 e 07.01.00.01."

Asinado dixitalmente polo secretario do tribunal José Manuel Aneiros Landrove

G-0  
09E  
15I  
P-  
E:  
C: